



OFERTA DE EMPREGO: PROGRAMADOR JAVA

Denodo é unha empresa de software galega con proxección internacional e oficinas na Coruña, Madrid, Londres (UK), Munich (Alemaña), Palo Alto (CA, USA), Boise (ID, USA), Chicago (IL, USA), Nova York (NY, USA), Chennai (India) e Singapur.

Denodo Platform é o noso produto software para despregar Enterprise Data Services mediante tecnoloxías de Data Virtualization e Cloud Data Integration. Ofrece ás aplicacións consumidoras vistas unificadas sobre fontes de datos distribuídas e heteroxéneas, incluíndo Bases de Datos Relacionais, Bases de Datos Multidimensionais, NoSQL, Servizos Web SOAP e REST, aplicacións paquetizadas como SAP, etc.

Buscamos enxeñeiros/as para o noso equipo de Tecnoloxía, para traballar como Programadores Java no ámbito do desenvolvemento de utilidades e conectores de produto, nas nosas oficinas da Coruña.

Necesitamos persoas cos seguintes requisitos e habilidades:

- Titulación requerida: Enxeñaría Informática / Grado en Enx. Informática
- Bo nivel de inglés falado e escrito.
- Alta capacidade analítica e de resolución de problemas.
- Traballo en equipo con actitude positiva.
- Coñecemento da plataforma Java.
- Coñecemento de patróns de deseño orientado a obxectos.
- Coñecemento de SQL e deseño de Bases de Datos Relacionais.

Valoramos positivamente coñecemento e/ou experiencia nos seguintes:

- Aplicacións Web Java e tecnoloxías relacionadas, esp. server-side.
- Ferramentas de Build e Control de Versións (pref. Maven e git)
- Spring Framework, Spring Boot e/ou tecnoloxías relacionadas.
- Hadoop, Spark e bases de datos NoSQL.
- Sistemas de Data Governance e xestión de metadatos.
- Ferramentas de Business Intelligence (Microstrategy, Tableau, Power BI...)
- Plataforma de desenvolvemento Microsoft (esp. acceso a datos)
- Tecnoloxías web client-side e tecnoloxías para dispositivos móbiles.
- Técnicas e tecnoloxías de seguridade no software.

Como presentarse

Podes presentarte en <http://denodo.com/career/coruna-spain/java-developer>.
Inclúe o teu Curriculum Vitae, ademais de (opcionalmente) carta de presentación, expediente académico, referencias ou calquera outra información que poida resultar relevante sobre ti.

Data límite de recepción: 7 de febreiro de 2018

Responsable da oferta: Eva Martínez, Dirección de Organización